

MÓDULO FORMATIVO

Primeiros auxilios.

OBXECTIVO XERAL

Formar o traballador para que saiba como reaccionar e prestar auxilio no caso de que ocorrera algún accidente ou incidente durante o desenvolvemento das súas tarefas habituais relacionadas co desenvolvemento do seu traballo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Reaccionar ante caídas e golpes.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante a produción de cortes e feridas.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante hemorrxias.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Saber que facer ante as roturas leves e torceduras.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de vendaxes e entaladuras.
○ Reaccionar ante a aparición de queimaduras de distintos graos.	⇒ Realizándolle probas de control teórico-prácticas ao alumno sobre a materia.
○ Reaccionar ante a aparición de hipotensións e desmaios.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Realizar unha RCP.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.
○ Accións de petición de axuda.	⇒ Propoñendo un exercicio práctico de reanimación nun incendio.

6.3.7. VIXILANTE DE RECURSOS NATURAIS

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Vixilante de recursos naturais(ocupación polivalente).
- ➔ **Actividade**
Caza e pesca fluvial/conservación de espazos naturais.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Coñecer a flora, fauna e os elementos presentes no medio, o seu ciclo vital, función, interacción e as súas patoloxías, todo iso dentro do seu campo de acción.
	1.2	Percorrer con periodicidade preestablecida o espazo natural para verificar o seu estado xeral.
	1.3	Observar todas aquelas circunstancias que poidan entorpecer ou favorecer as condicións óptimas para un desenvolvemento sostible do espazo vixiado.

1.4	Usar e interpretar as ferramentas cartográficas.
1.5	Seguir de preto os traballos e/ou melloras que se leven a cabo co permiso correspondente.

SABER

- ◆ Barreiras da observación.
- ◆ Coñecer as infraccións en materia de agresión medioambiental.
- ◆ Delitos relativos á protección da flora e fauna.
- ◆ Destrucción da flora.
- ◆ Coñecer as especies de flora e fauna.
- ◆ Caza ou pesca de especies ameazadas e de especies non cinexéticas.
- ◆ Faltas e denuncias: facultades e ordenamento xurídico.
- ◆ Lexislación de conservación de espazos naturais, flora e fauna. Plans de ordenación de recursos.
- ◆ Espazos protexidos.
- ◆ Vías pecuarias.
- ◆ Nocións básicas de ecoloxía.
- ◆ Coñecer as plantas e animais que corresponden a unha zona.
- ◆ Propiedade forestal.
- ◆ Medidas preventivas de incendios.
- ◆ Coñecer as relacións interespecíficas para identificar a evolución do ecosistema.
- ◆ Saber cales son as épocas en que distintos aspectos do ecosistema son máis propensos de sufrir alteracións.
- ◆ Coñecer a función ecolóxica das especies.

SABER FACER

- ◆ Esfuerzo e responsabilidade para vixiar e protexer as normas externas e internas.
- ◆ Patrullar.
- ◆ Inspeccionar a zona.
- ◆ Distinguir calquera anomalía ou dano que poida observarse.
- ◆ Anotar todo tipo de incidencias.
- ◆ Guiarse por mapas, GPS...
- ◆ Identificar patoloxías e/ou alteracións.
- ◆ Tomar mostras ou probas.
- ◆ Recoñecer pegadas.
- ◆ Observar se as condicións para un desenvolvemento adecuado das especies se corresponden coas máis óptimas.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Coidado no uso de aparatos de posicionamento e de medición.
- ◆ Atención, coidado e memoria para identificar animais e plantas perigosas.
- ◆ Precisión para observar.
- ◆ Interese por adaptar os coñecementos á vixilancia.
- ◆ Seriedade e responsabilidade cara ao cumprimento da normativa.
- ◆ Profesionalidade en canto á información do estado do espazo natural e dos recursos.
- ◆ Esixencia en canto ao cumprimento da normativa.
- ◆ Sensibilidade co medio ambiente.
- ◆ Eficacia e rapidez para responder a continxencias.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Vixilante de recursos naturais(ocupación polivalente).
- ➔ **Actividade**
Caza e pesca fluvial/conservación de espazos naturais.

UNIDADE DE COMPETENCIA	2	Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	2.1	Controlar as especies.
	2.2	Recoñecer, rexistrar e informar, redactar informes da intensidade e extensión dos danos observados.
	2.3	Valorar o vixiado para prever labores de conservación e mantemento.
	2.4	Comprobar que calquera tipo de alteración foi debida a causas naturais e en caso contrario investigalas.
	2.5	Denunciar as infraccións que se cometan dentro da área vixiada.
	2.6	Colaborar na determinación e avaliación de poboacións e as súas características.

SABER

- ◆ Coñecer ben as características de todas as especies do ecosistema.
- ◆ Saber usar escalas, o significado dos signos, os accidentes topográficos...
- ◆ Como utilizar os aparatos de orientación.
- ◆ Que comportamentos son obxecto de sanción. Infraccións.
- ◆ Lexislación para cada situación concreta.
- ◆ Como redactar informes, partes de incidencias, partes diarios de seguridade, presentar denuncias...
- ◆ Coñecer as características que hai que ter en conta para valorar e determinar as poboacións.
- ◆ Nocións de climatoloxía e meteoroloxía.
- ◆ Habilidades sociais.
- ◆ Técnicas de comunicación e expresión oral.

SABER FACER

- ◆ Esixir o cumprimento das normas.
- ◆ Denunciar.
- ◆ Realizar traballos auxiliares de vixilancia sobre agresións ao medio ambiente: incendios forestais, cortas ilegais, vertidos incontrolados de residuos...
- ◆ Rexistrar o número de individuos das especies máis sensibles.
- ◆ Coñecer as enfermidades e seguir as pautas do veterinario.
- ◆ Calcular distancias e pendentes do terreo.
- ◆ Consultar mapas.
- ◆ Utilizar aparatos de orientación.
- ◆ Comprobar se hai ou non vertidos.
- ◆ Frear o furtivismo.
- ◆ Sancionar.
- ◆ Informar.
- ◆ Cubrir informes e partes.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ♦ Serenidade, decisión e precaución durante as manobras básicas de primeiros auxilios.
- ♦ Precisión para identificar pragas e enfermidades.
- ♦ Responsabilidade e seguridade fronte á loita contra os incendios.
- ♦ Minuciosidade na interpretación de indicios previos a desastres ecolóxicos.
- ♦ Seguridade e habilidade manual para axudar o resto de profesionais (veterinario...).
- ♦ Predisposición para prestar a súa colaboración.
- ♦ Control ante diversos comportamentos.
- ♦ Interese por posuír todos aqueles coñecementos necesarios para unha adecuada vixilancia e protección.

CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**
Vixilante de recursos naturais(ocupación polivalente).
- ➔ **Actividade**
Caza e pesca fluvial/conservación de espazos naturais.

UNIDADE DE COMPETENCIA	3	Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos seus valores e singularidades ambientais.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	3.1	Coñecer e detectar accións sancionables.
	3.2	Aplicar procedementos sancionadores.
	3.3	Organizar a información do centro de visitas.
	3.4	Dar charlas informativas sobre as características do espazo natural.
	3.5	Actualizar e adaptar a información do centro de visitas.

SABER

- ♦ Xestionar a información que se vai a dar: modo, localización, distribución...
- ♦ Como acceder a un gran número de persoas.
- ♦ Coñecer a normativa.
- ♦ Coñecer os servizos que se van ofertar.
- ♦ Coñecer técnicas de comunicación.
- ♦ Nocións sobre atención ao público.
- ♦ Valores dunha educación medioambiental.
- ♦ Coñecer perfectamente as accións que poden levarse a cabo e cales son obxecto de sanción.
- ♦ O grao de intensidade permitido para as accións que se executen no espazo natural.

SABER FACER

- ♦ Elaborar o modo de proporcionar a información que vai achegarse.
- ♦ Utilizar debuxos, esquemas, fotos, texto...
- ♦ Ordenar a información.
- ♦ Distribuír a información.
- ♦ Colocar a información nun lugar visible.
- ♦ Resolver dúbidas.
- ♦ Fomentar a participación.
- ♦ Adaptar os contidos á comunicación cos usuarios.
- ♦ Utilizar unha linguaxe clara e precisa.

- ◆ Proporcionar facilidades.
- ◆ Coordinar a clasificación e accesibilidade da información de máis interese (botánica, zoolóxica e medioambiental).
- ◆ Detectar accións sancionables.
- ◆ Impedir alteracións.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Seguridade e eficiencia para retransmitir a información.
- ◆ Sentido común ante comportamentos dúbidosos.
- ◆ Serenidade e eficiencia no trato co público.
- ◆ Método e orde para realizar as tarefas.
- ◆ Personalidade dialogante.
- ◆ Paciencia e seguridade.
- ◆ Certo grao de autoridade para transmitir a necesidade dun control sobre o medio.
- ◆ Profesionalidade e tempero para impedir accións irregulares.
- ◆ Obxectividade para redactar informes.
- ◆ Precisión para cubrir formularios.

CONTIDOS FORMATIVOS

⇒ Ocupación

Vixilante de recursos naturais(ocupación polivalente).

⇒ Actividade

Caza e pesca fluvial/conservación de espazos naturais.

UNIDADE DE COMPETENCIA

4

Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexéticos e de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.

REALIZACIÓN PROFESIONAL

- | | |
|-----|---|
| 4.1 | Coñecer as actividades, características, métodos e lexislación dos terreos acoutados. |
| 4.2 | Colaborar en tarefas complementarias e/ou de mellora. |
| 4.3 | Atender cazadores e pescadores nas súas xornadas de caza/pesca. |
| 4.4 | Planificar o traballo e as tarefas dos peóns do couto. |
| 4.5 | Determinar o proceso de conservación do material, maquinaria e inmobles do couto. |
| 4.6 | Favorecer unha interacción adecuada por parte dos subordinados cara aos socios e usuarios dos coutos de pesca e caza. |

SABER

- ◆ Especies obxecto de caza e pesca e especies protexidas.
- ◆ Modalidades e períodos hábiles de caza e pesca.
- ◆ Artes de pesca. Artificios e procedementos prohibidos.
- ◆ Lexislación sobre caza e pesca.
- ◆ Terreos cinexéticos e de pesca, zonas, características...
- ◆ Instalacións nun terreo acoutado.
- ◆ Limitacións, prohibicións e infraccións.
- ◆ Medidas protectoras.
- ◆ Licenzas, permisos e coutos.

- ◆ Cans e grupos de cans.
- ◆ Armas: conservación e mantemento.
- ◆ Primeiros auxilios.
- ◆ Técnicas de comunicación e habilidades sociais.
- ◆ Como confeccionar.
- ◆ Coñecemento de depredadores e métodos para o seu control.
- ◆ Saber redactar informes.
- ◆ Coñecer a LPR e medio ambiente.
- ◆ Enfermidades e vacinas.

SABER FACER

- ◆ Prever e atender as necesidades e atencións dos cazadores e pescadores.
- ◆ Comprobar as sinalizacións do acoutado.
- ◆ Comprobar os abatements das pezas.
- ◆ Controlar o acceso ao predio, ao río... e verificar permisos.
- ◆ Coordinar e/ou colaborar en soltas e repoboacións.
- ◆ Marcar e/ou coordinar a vacinación.
- ◆ Colaborar na alimentación das especies.
- ◆ Tomar mostras ou no seu caso colaborar na súa toma.
- ◆ Realizar o seguimento das tarefas de mantemento e mellora das instalacións do couto.
- ◆ Supervisar o traballo dos peóns.
- ◆ Estar en contacto co xerente.
- ◆ Levar a cabo aquelas tarefas administrativas que lle encomenden.
- ◆ Realizar percorridos polo terreo para comprobar o estado dos animais e dos camiños e predio en xeral.
- ◆ Repartir postos e asignar cazadores a cada un deles.
- ◆ Mostrarlle ao pescador as zonas para cada modalidade de pesca.
- ◆ Controlar o tamaño das pezas pescadas.
- ◆ Controlar o n.º de pezas pescadas e/ou cazadas en función da normativa aplicable.¹ Informar e supervisar sobre os métodos utilizados.
- ◆ Dialogar cos cazadores e/ou pescadores para que colaboren activamente en saber como atoparon o couto (animais, vexetación).
- ◆ Controlar sementeiras.
- ◆ Avisar de problemas puntuais.
- ◆ Controlar depredadores.
- ◆ Pórse en contacto co veterinario.

SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Educación e tolerancia.
- ◆ Boas maneiras e cortesía para relacionarse en calquera circunstancia (saúdo correcto, linguaxe adecuada...).
- ◆ Adecuación e respecto á normativa.
- ◆ Defensa dos dereitos humanos.
- ◆ Discreción profesional.
- ◆ Integridade e imparcialidade.
- ◆ Responsabilidade persoal.
- ◆ Dedicación e colaboración.
- ◆ Decisión á hora de actuar ou intervir.
- ◆ Confidencialidade.
- ◆ Neutralidade e imparcialidade.
- ◆ Seriedade para cumprir coas ordes recibidas.
- ◆ Trato adecuado e lóxica á hora de impartir ordes aos seus subordinados.

- ◆ Interese por realizar o traballo diario.
- ◆ Reflexión, reserva, dilixencia e prudencia á hora de tomar medidas.
- ◆ Minuciosidade e concentración para evitar situacións perigosas ou calquera tipo de continxencia.
- ◆ Aseo persoal para causar boa impresión.
- ◆ Coidado no estado e conservación de todo o que se atope baixo a súa custodia.
- ◆ Amabilidade, educación e respecto para colaborar e prestar atención como membro da gardería.

PROGRAMA FORMATIVO

OCUPACIÓN | Vixilante de recursos naturais.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.

📌	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
1	A conservación de espazos naturais.	Ocupacional (todas UC)	100 horas
MÓDULOS		R P	TIPO
📖	Clasificación e coidado de espazos protexidos. Protección da flora e fauna silvestre.	Todas	Ocupacional
📖	Plans de ordenación dos recursos naturais.	1.5	Específico
📖	Proceso de recoñecemento dos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente.	1.2 e 1.3	Transversal
📖	Coñecementos básicos de cartografía e orientación.	1.4	Específico

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.

📌	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
2	Rehabilitación, recuperación e sostemento da fauna salvaxe.	Transversal (U.C. 2, 3 e 4)	120 horas
MÓDULOS		R P	TIPO
📖	Procesos sanitarios de rehabilitación e recuperación da fauna salvaxe.	2.1 e 2.4	Transversal
📖	Clasificación e coidado de espazos protexidos. Protección da flora e fauna silvestre.	2.1	Específico
📖	Continxencias no medio e primeiros auxilios.	2.4	Específico
📖	Danos e patoloxías propias do medio: enfermidades e pragas.	2.2 e 2.4	Transversal
📖	Incendios forestais: prevención, detección e actuación.	1.5	Específico
📖	Confección de documentos e escritos.	2.2, 2.4 e 2.5	Transversal

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3 Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos seus valores e singularidades ambientais.

📌	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
3	Vixilancia do medio natural. Guía informativo de espazos naturais.	Específico	130 horas
MÓDULOS		R P	TIPO
📖	A educación ambiental nos espazos naturais.	3.4 e 3.5	Transversal

☰	Detección e procedementos de accións sancionables co medio.	3.1 e 3.2	Transversal
☰	Organización da información do centro de visitas.	3.3	Específico
☰	Atención ao público.	Todas	Ocupacional

UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexéticos e de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.

🕒	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
4	Atención ao aproveitamento cinexético e piscícola.	Específico	150 horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
☰	Caza e pesca: lexislación e métodos.	4.1	Específico
☰	Terreos de aproveitamento cinexético e piscícola.	Todas	Ocupacional
☰	Seguimento e mellora dos plans técnicos. Medidas protectoras.	4.2, 4.4, 4.5 e 4.6	Transversal
☰	Servizos de gardería.	4.2 e 4.3	Transversal
☰	Delitos e faltas en terreos acoutados.	4.7	Específico

ITINERARIO FORMATIVO MODULAR

- **LENDA**




UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.



UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.



UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3 Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos seus valores e singularidades ambientais.



UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4 Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexético e de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.



UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
 - ☞ Plans de ordenación dos recursos naturais.
 - ☞ Coñecementos básicos de cartografía e orientación.
- **TRANSVERSAIS**
 - ☞ Proceso de recoñecemento dos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente.
- **OCUPACIONAIS**
 - ☞ Clasificación e coidado de espazos protexidos. Protección da flora e fauna silvestre.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**
 - ☞ Clasificación e coidado de espazos protexidos. Protección da flora e fauna silvestre.
 - ☞ Continxencias no medio e primeiros auxilios.
 - ☞ Incendios forestais: prevención, detección e actuación.
- **TRANSVERSAIS**
 - ☞ Procesos sanitarios de rehabilitación e recuperación da fauna salvaxe.
 - ☞ Danos e patoloxías propias do medio: enfermidades e pragas.
 - ☞ Confección de documentos e escritos.
- **OCUPACIONAIS**

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3 Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos seus valores e singularidades ambientais.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**

- Organización da información do centro de visitas.

- **TRANSVERSAIS**

- A educación ambiental nos espazos naturais.

- Detección e procedementos de accións sancionables co medio.

- **OCUPACIONAIS**

- Atención ao público.

UNIDADE DE COMPETENCIA

4 Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexético e/ou de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.

MÓDULOS

- **ESPECÍFICOS**

- Caza e pesca: lexislación e métodos.

- Delitos e faltas en terreos acoutados.

- **TRANSVERSAIS**

- Seguimento e mellora dos plans técnicos. Medidas protectoras.

- Servizos de gardería.

- **OCUPACIONAIS**

- Terreos de aproveitamento cinexético e piscícola.

OBXECTIVOS MODULARES

UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Coñecer e vixiar o espazo natural e o cumprimento das condicións óptimas para a súa conservación.

MÓDULO FORMATIVO

Clasificación e coidado de espazos protexidos. Protección da flora e fauna silvestre.

OBXECTIVO XERAL

Posuír os coñecementos necesarios para velar pola utilización racional dos recursos naturais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a lexislación de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestre.	⇒ Aplicándoa para conservar a natureza.
○ Protexer e defender o medio ambiente.	⇒ Acatando as normas de protección, conservación e restauración dos recursos da flora e da fauna.
○ Utilizar racionalmente os recursos naturais.	⇒ Respectando os valores naturais sobresalientes.
○ Coñecer os espazos naturais protexidos e as súas características.	⇒ Informándose da súa clasificación e do que contén o seu territorio.

MÓDULO FORMATIVO

Plans de ordenación dos recursos naturais.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer como están planificados e se deben xestionar os espazos naturais, os seus recursos e especies.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Definir os obxectivos dos plans de ordenación.	⇒ Definindo e sinalando o estado dos recursos e ecosistemas. ⇒ Sinalando as limitacións e o réxime de protección máis adecuado. ⇒ Fixándose nos seus criterios orientadores.
○ Analizar o seu contido.	⇒ Vendo o ámbito territorial e as súas características. ⇒ Observando a previsión da súa evolución. ⇒ Observando as zonas e o establecemento da conservación de espazos e especies. ⇒ Vendo a orientación das políticas sectoriais aos criterios.
○ Coñecer os efectos dos plans.	⇒ Analizando a súa incidencia.
○ Saber como se elaboran e aproban.	⇒ Estudando como é para cada caso: reservas, parques...

MÓDULO FORMATIVO

Proceso de recoñecemento dos delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente.

OBXECTIVO XERAL

Recoñecer e tramitar infraccións de lexislación ambiental.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as condutas de delito con respecto á flora.	⇒ Sabendo como se destrúe ou altera gravemente o hábitat.
○ Coñecer as competencias sobre temas ambientais.	⇒ Separando correctamente e tendo clara a lexislación ambiental.
○ Saber cales son as actividades que non protexen as especies ameazadas.	⇒ Coñecendo os requisitos que as determinan como delito. ⇒ Coñecendo os medios que están prohibidos.
○ Protexer a fauna da caza e pesca furtiva.	⇒ Vixiando e denunciando ese tipo de acción.

MÓDULO FORMATIVO

Coñecementos básicos de cartografía e orientación.

OBXECTIVO XERAL

Manexar e usar correctamente mapas topográficos e familiarizarse con distintos aparatos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Usar e interpretar as ferramentas cartográficas.	⇒ Utilizándoas para determinar puntos no terreo.
○ Orientar e planificar zonas e vixilancia.	⇒ Atendendo os coñecementos proporcionados polos aparatos.

○ Actualizarse cos últimos sistemas de localización.	⇒ Aprendendo a utilizar o GPS.
○ Fixar puntos e referencias.	⇒ Determinando sen medo a equivocarse calquera enclave ou situación.
○ Facilitar as actividades de vixilancia e protección.	⇒ Marcando e localizando determinadas especies, alteracións... ⇒ Sendo máis preciso.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 2 Coidar e protexer o espazo e os recursos do terreo para favorecer o ecosistema desexado.

MÓDULO FORMATIVO

Procesos sanitarios de rehabilitación e recuperación da fauna salvaxe.

OBXECTIVO XERAL

Realizar as funcións de recoller e aplicar primeiros coidados en centros de recuperación de fauna.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Capturar animais feridos.	⇒ Vixiando e estando atento ao estado da fauna.
○ Realizar os primeiros auxilios.	⇒ Atendendo na medida do posible o animal.
○ Avaliar o alcance das feridas.	⇒ Observando con atención o estado en que se atopa.
○ Transportalos e embalalos.	⇒ Adecuándoos a cada situación accidentada na que se atope.
○ Seguir indicacións do veterinario.	⇒ Realizando as pautas recomendadas polo veterinario. ⇒ Colaborando con el.
○ Preparar e acondicionar as instalacións.	⇒ Realizando o seu mantemento e conservación.
○ Coñecer as especies animais, a nutrición e o seu comportamento.	⇒ Controlando a evolución, preparando dietas e informándose de todo o relacionado coas especies.

MÓDULO FORMATIVO

Clasificación e coidado de espazos protexidos. Protección da flora e fauna silvestre.

OBXECTIVO XERAL

Posuír os coñecementos necesarios para velar pola utilización racional dos recursos naturais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a lexislación de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestre.	⇒ Aplicándoa para conservar a natureza.
○ Protexer e defender o medio ambiente.	⇒ Acatando as normas de protección, conservación e restauración dos

	recursos da flora e da fauna.
○ Utilizar racionalmente os recursos naturais.	⇒ Respectando os valores naturais sobresalientes.
○ Coñecer os espazos naturais protexidos e as súas características.	⇒ Informándose da súa clasificación e do que contén o seu territorio.

MÓDULO FORMATIVO

Continxencias no medio e primeiros auxilios.

OBXECTIVO XERAL

Desenvolverse no medio natural e afrontar posibles situacións de emerxencia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Saber identificar situacións anómalas.	⇒ Adquirindo os coñecementos necesarios para controlar as ditas situacións con serenidade.
○ Facerlles fronte a sinais que indiquen perigo.	⇒ Coñecendo as habilidades e comportamentos precisos para aplicar ante calquera tipo de continxencia.
○ Ter coñecementos de técnicas para aplicar en calquera situación.	⇒ Estando suficientemente preparado como para levalas a cabo.
○ Desenvolverse en varios campos de acción: incendios, busca de persoas extraviadas...	⇒ Tendo coñecementos de mecánica, de rescate, de hixiene, de primeiros auxilios, traslado de feridos...

MÓDULO FORMATIVO

Danos e patoloxías propias do medio: enfermidades e pragas.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer, a nivel de campo, os distintos axentes patóxenos que lles poden causar danos aos vexetais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Observar as circunstancias e axentes que entorpezan o normal desenvolvemento.	⇒ Vixiando e anotando calquera tipo de alteración.
○ Tomar mostras para a análise e clasificación no laboratorio.	⇒ Recollendo as probas das alteracións provocadas no medio natural para o seu posterior envío. ⇒ Utilizando o material adecuado para isto.
○ Coñecer os danos e pistas que leven a eles.	⇒ Identificándoos e tomando as precaucións debidas.

MÓDULO FORMATIVO

Incendios forestais: prevención, detección e actuación.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer os principios básicos de produción do incendio e os medios de detección e extinción.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer o plan de incendios forestais que regula a organización e os procedementos de actuación para facerlles fronte aos incendios.	⇒ Formulando situacións e casos que permitan a súa aplicación.
○ Coñecer como se produce o lume.	⇒ Coñecendo os catro factores intervinientes para que se produza: tetraedro do lume.
○ Determinar que factores inflúen no comportamento dos incendios forestais.	⇒ Analizando e atendendo o desenvolvemento dos conceptos: humidade, vento e topografía.
○ Saber cantos tipos de lume poden encontrarse.	⇒ Determinándoos en función do lugar onde se produce.
○ Establecer a relación combustible/productos.	⇒ Explicando para iso a perigosidade dos produtos que se derivan do combustible queimado.
○ Explicar a propagación, causas, formas e partes dun incendio.	⇒ Aplicando e explicándoo en función da orixe e a topografía do terreo.
○ Establecer medidas para a prevención.	⇒ Levando a cabo actuacións que tendan a anular ou diminuír o risco. ⇒ Creando sistemas de detección e vixilancia.
○ Saber como loitar contra o lume.	⇒ Descubríndoo con precisión e comunicándoo coa maior rapidez posible.
○ Saber actuar en caso de incendio.	⇒ Coñecendo as normas adecuadas e eficaces para iso.

MÓDULO FORMATIVO

Confeción de documentos e escritos.

OBXECTIVO XERAL

Rexistrar e informar redactando informes e/ou partes das incidencias, danos e actividades que ocorran no espazo protexido.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Definir a finalidade das informacións escritas.	⇒ Comprendéndoas como un sistema eficaz de seguridade.
○ Achegar as características, elementos e redacción dun informe.	⇒ Analizando e describindo feitos e as súas causas e motivos. ⇒ Explicando detalladamente todo o observado de forma minuciosa e obxectiva.
○ Realizar partes de incidencias e diarios de seguridade.	⇒ Cubrindo os formularios deseñados para o efecto. ⇒ Reflectindo situacións de sucesos e actividades relacionadas coa xornada laboral así como aquelas irregulares sobre incendios, PRL, e outras situacións importantes e anómalas.

- Realizar denuncias.

- ⇒ Cubrindo o parte e presentándoa.
- ⇒ Explicando por medio de exemplos a forma de facelo.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 3 Coñecer a lexislación específica dos espazos naturais protexidos e informar os visitantes dos seus valores e singularidades ambientais.

MÓDULO FORMATIVO

A educación ambiental nos espazos naturais.

OBXECTIVO XERAL

Recoñecer e valorar os recursos naturais dunha zona coa finalidade de resaltar a importancia da conservación e coidado da súa riqueza natural.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Comprender a estrutura do medio e a interacción dos seus aspectos físicos, biolóxicos, sociais e culturais.	⇒ Poñendo os medios para a utilización razoable e prudente dos recursos.
○ Desenvolver novas actitudes co medio.	⇒ Suscitando novos comportamentos con relación ao medio ambiente.
○ Coñecer e atender o seu funcionamento ecolóxico.	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Coñecendo e controlando as especies que nel habitan. ⇒ Facendo unha racional utilización do espazo natural. ⇒ Vixiando a súa conservación. ⇒ Atendendo o seu mantemento.
○ Recoñecer e valorar os recursos naturais.	⇒ Fomentando a sensibilización medioambiental.
○ Proporcionarlle á xente un achegamento a estes medios para resaltar os valores que motivan a protección da zona.	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Poñendo ao seu alcance os medios para o seu coñecemento. ⇒ Controlando a afluencia masiva de visitantes. ⇒ Programando e atendendo visitas guiadas. ⇒ Fomentando actitudes de responsabilidade con respecto ao medio.

MÓDULO FORMATIVO

Detección e procedementos de accións sancionables co medio.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer a lexislación e o procedemento sancionador aplicable para protexer, controlar e evitar danos maiores no medio natural.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer e detectar accións sancionables.	⇒ Coñecendo a normativa en uso e relacionándoa coa acción correspondente.
○ Comprobar e impedir alteracións e destrucións.	<ul style="list-style-type: none"> ⇒ Patrullando. ⇒ Freando o furtivismo.

	⇒ Velando polo seu desenvolvemento normal.
○ Actuar contra as fontes emisoras de danos.	⇒ Detectándoas e denunciándoas.
○ Aplicar procedementos sancionadores.	⇒ Coñecendo a regulamentación aplicable ao espazo natural. ⇒ Interpretando o senso da normativa. ⇒ Inspeccionando a zona. ⇒ Informando o infractor da prohibición da súa acción e do seu alcance. ⇒ Presentando a denuncia.

MÓDULO FORMATIVO

Organización da información do centro de visitas.

OBXECTIVO XERAL

Proporcionarlle ao público unha información elaborada que o resalte e o implique na valoración da conservación dos espazos naturais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Organizar a información.	⇒ Póndoa a disposición de maneira clara. ⇒ Utilizando recursos didácticos atractivos para a súa exposición.
○ Distribuír a información.	⇒ Colocándoas de forma ordenada en sitios visibles. ⇒ Mostrando os hábitats e as súas características.
○ Dirixila a un público variado.	⇒ Utilizando varios idiomas para proporcionar opcións a distintas persoas. ⇒ Atender os casos especiais que poidan presentarse, por exemplo facilitando accesos a persoas de mobilidade reducida.
○ Dar charlas informativas.	⇒ Explicando as características do espazo natural. ⇒ Adaptándose ao grupo de oíntes. ⇒ Estruturando a información. ⇒ Utilizando todas as técnicas que se teñan ao alcance.
○ Ter a preocupación de actualizala.	⇒ Modificando contidos se se producen variacións. ⇒ Recollendo suxestións. ⇒ Preocupándose por ampliar datos.

MÓDULO FORMATIVO

Atención ao público.

OBXECTIVO XERAL

Atender, relacionarse e ofrecerlle ao público uns servizos informativos/educativos nas mellores condicións posibles.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Establecer unha relación amable cos visitantes e público en xeral.	⇒ Comunicándose adecuadamente e sabendo como facelo.
○ Adquirir habilidades para enfrontarse a calquera tipo de continxencia.	⇒ Podendo controlar en cada caso a situación. ⇒ Proporcionando tranquilidade e interese.
○ Coñecer as tipoloxías dos usuarios.	⇒ Informándose dos distintos comportamentos cos que pode atoparse. ⇒ Tratando cada caso segundo a situación.
○ Coñecer os servizos que se ofrecen.	⇒ Adecuándoos ás expectativas do grupo.
○ Posuír coñecementos sobre comunicación e as súas barreiras.	⇒ Estando preparado para chegar ao grupo e transmitirle a importancia e a súa parte de responsabilidade na preservación de agresións ao medio natural.

UNIDADE DE COMPETENCIA

- 4 Coñecer e atender as esixencias dos terreos de aproveitamento cinexético e/ou de pesca para colaborar na execución e seguimento dos plans técnicos.

MÓDULO FORMATIVO

Caza e pesca: lexislación e métodos.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer a ordenación que regula as actividades cinexéticas e piscícolas para colaborar na súa conservación, fomento e aproveitamento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer a regulación a nivel estatal e autonómico sobre pesca e caza así como a súa finalidade.	⇒ Coñecendo e vixiando que se respecten as especies obxecto das actividades cinexéticas e piscícolas. ⇒ Sabendo que métodos son os permitidos. ⇒ Coñecendo os terreos, licenzas e permisos necesarios. ⇒ Atendendo ás prohibicións e procedementos permitidos. ⇒ Coñecendo delitos, faltas e infraccións.

○ Atender o cumprimento da normativa.	⇒ Vixiando e protexendo o terreo cinexético e/ou piscícola. ⇒ Tendo localizadas as zonas onde se pode cazar e pescar e como debe de realizarse.
○ Inspeccionar calquera alteración.	⇒ Descubrindo zonas afectadas e relacionándoas cos delitos ou faltas correspondentes.
○ Comprobar o uso adecuado e prudente das armas.	⇒ Atendendo o seu manexo. ⇒ Comprobando o modo de portalar e usalas.

MÓDULO FORMATIVO

Terreos de aproveitamento cinexético e piscícola.

OBXECTIVO XERAL

Coñecer as características e o mantemento dos coutos coa finalidade de proporcionar unha adecuada colaboración na súa protección e vixilancia dos plans técnicos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Posuír coñecementos claros sobre as distintas zonas que configuran o terreo e as súas características.	⇒ Observando a práctica da caza e pesca en función do sinalado no plan técnico.
○ Distinguir os distintos tipos de coutos e o réxime ao que están sometidos.	⇒ Fixándose, dende o coñecemento do plan técnico, onde están situadas as zonas de seguridade, as sinalizacións, o uso de armas...
○ Coñecer todas e cada unha das prohibicións.	⇒ Observando danos ou alteracións. ⇒ Detectando vertidos ou outros problemas para comunicalo deseguida.
○ Implicarse no desenvolvemento do aproveitamento sostible.	⇒ Colaborando en tarefas de soltas, repoboacións...

MÓDULO FORMATIVO

Seguimento e mellora dos plans técnicos. Medidas protectoras.

OBXECTIVO XERAL

Colaborar na conservación dos terreos cinexéticos e piscícolas aplicando o plan técnico asignado e aqueles coidados e medidas que requira coa finalidade de realizar un aproveitamento sostible.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Colaborar na aplicación das medidas protectoras.	⇒ Posuíndo coñecementos de vedas, de especies en extinción e ameazadas. ⇒ Posuíndo coñecementos de vedas, Controlando as vedas, días e artes que cómpre utilizar.
○ Estar en contacto co seu superior.	⇒ Recibindo ordes. ⇒ Comentando incidentes e situacións así como necesidades en caso de que se produzan.

○ Relacionarse co/s peón/s.

- ⇒ Coordinando e priorizando tarefas e traballadores.
- ⇒ Atendendo os seus requirimentos e consultas.
- ⇒ Pedindo informes.
- ⇒ Supervisando o mantemento e a conservación de material, maquinaria e estado de instalacións.
- ⇒ Formándoos en aspectos de lexislación para que adapten as súas tarefas á normativa aplicable.
- ⇒ Influíndo nos seus subordinados (se os houber) para potenciar neles actitudes amables eficaces no seu trato cos usuarios.

MÓDULO FORMATIVO

Servizos de gardería.

OBXECTIVO XERAL

Integrarse no couto de modo que se poidan asociar as tarefas de gardería cun aproveitamento ordenado máis produtivo e eficaz.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

○ Realizar tarefas complementarias.

- ⇒ Atendendo cazadores, informándoos e axudándoos sobre calquera cuestión que requiran.
- ⇒ Facéndolles recomendacións de seguridade.
- ⇒ Solicitando permisos para cazar.
- ⇒ Obtendo licenzas.
- ⇒ Pedindo material.
- ⇒ Repartindo postos en monterías.
- ⇒ Controlando cans, tamaño e n.º de pezas abatidas.
- ⇒ Acudir en xornadas de caza.
- ⇒ Indagando o motivo de mortes non naturais.
- ⇒ Valorando o estado da poboación cinexética e o seu n.º.

○ Colaborar en coidados da caza.

- ⇒ Poñéndose en contacto co veterinario.
- ⇒ Participando en soltas, medicións, repoboacións, mostras, vacinacións...

○ Comprobar que as sinalizacións estean colocadas apropiadamente.

- ⇒ Vendo que se axusten a cada sitio, que sexan visibles, claras...

○ Solicitar e controlar toda a documentación do cazador/pescador.

- ⇒ Pedíndoa e vendo que é a adecuada.
- ⇒ Comprobando que as pezas abatidas que levan os socios son aptas e de tempada.

○ Posuír coñecementos de razas de cans de caza e a súa utilización.	⇒ Clasificándoos segundo o grupo e polo tanto o modo de cazar. ⇒ Controlando e pedindo a documentación que os acredite como aptos para a caza.
○ Cumprir cos obxectivos do sistema de gardería.	⇒ Atendendo, vixiando, protexendo e notificando adecuadamente, con rapidez e atención.

MÓDULO FORMATIVO

Delitos e faltas en terreos acoutados.

OBXECTIVO XERAL

Controlar as agresións ao medio para evitar danos e castigar actuacións que poñan en perigo o desenvolvemento do couto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as infraccións e o alcance de cada unha coa súa correspondente sanción.	⇒ Relacionando o tipo de infracción co castigo correspondente.
○ Destacar a efectividade ou non das sancións.	⇒ Vixiando que non se sigan cometendo as mesmas infraccións pola mesma persoa. ⇒ Controlando dalgunha forma (base de datos, ficheiros...) o cazador ou pescador que sexa reincidente e tomando medidas ao respecto se así fora.
○ Auxiliar a autoridade competente ante un delito e realizar a denuncia oportuna.	⇒ Consultando a lexislación e sabendo como levala a cabo.

6.3.8. CONDUTOR-OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL.

CONTIDOS FORMATIVOS

⇒ Condutor-operador de maquinaria forestal.

⇒ Actividade

Aproveitamento madeireiro e defensa contra incendios.

UNIDADE DE COMPETENCIA	1	Conducir a máquina.
REALIZACIÓN PROFESIONAL	1.1	Revisar a máquina antes da posta en marcha
	1.2	Desprazar a máquina.
	1.3	Estacionar a máquina.

SABER

- ◆ Coñecer os elementos do vehículo que requiren de revisión e mantemento periódico.
- ◆ Coñecer as frecuencias quilométricas ou horarias ás que deben ser realizados os mantementos e reparacións.
- ◆ Coñecer que secuencia de comprobacións sobre os elementos do vehículo ten que realizar antes de comezar cada quenda.